

DOSSIER WEBSERIE ARTEMIA
PRODUCIDA POR IRMANDADE TV

©Todos os dereitos reservados

Num. Axente Rexistral GUIÓN 03/2014/1253

CONTACTO abismocaracol@hotmail.com aureliolopesramom@gmail.com




PÁXINA OFICIAL FACEBOOK

<https://www.facebook.com/pages/Artemia/1391772434378462?fref=ts>

ÍNDICE ARTEMIA

INTRODUCCIÓN	3
SINOPSE.....	8
PERSONAXES	8
O TARGET	9
SOBRE O DIRECTOR E GUIONISTA	10



INTRODUCCIÓN

Artemia é unha nova webserie en galego que trata sobre como afrontan os seus destinos diferentes personaxes. As motivacións do director da webserie son:

“Mentres estou a facer *Artemia* penso en varias longametraxes que quero ter de referencia á hora de tratar tanto a fotografía coma o tempo narrativo da serie. Sendo un thriller moderno teño a idea clara de querer beber de Fincher e das súas dúas cumbres que son “Seven” e “Zodiac”, no tratamento da imaxe, da suciedade, do violento, intentamos acariñar os códigos de longas coma “Mystic River”, “Prisioneros”, ou da serie “True Detective”.



É a primeira vez que fago un proxecto destas características, e o formato da primeira tempada será o de webserie, nove capítulos gratuítos en aberto, que terán un núcleo común de querer facer episodios en continuidade no que se refire as relación entre os personaxes. Sen embargo, son auto-conclusivos nos seus argumentos. É dicir, continuidade emocional, tramas auto-conclusivas. Co factor de deixar aberto a historia para que o espectador quera máis, e se sinta coa necesidade de querer descubrir que deparara o seguinte capítulo. Nervio, ritmo, tensión.

No que respecta a estrutura formal dos episodios achegámonos en píldoras pequenas a series como "The Wire" (HBO 2002) ou "Mad Men" (AMC 2007), ou, como xa dixen, True Detective (HBO, 2014) sitcoms con grandes argumentos no tempo, sen grandes gags, e baseándose no día a día dos personaxes normais enfrontándose a situacións anormais, e destacando as anécdotas e os feitos da vida cotiá. Cada episodio xirara en tres tramas diferentes repartidas en arredor de vinte esceas mesturando unhas con outras para remata nunha gran onda final. Como xa dixemos deixando aberto varias situacións para enganchar ao espectador.

O xénero cinematográfico de "Artemia" vai dende o terror, a comedia de situación, o drama, ata pasar pola aventura. Sendo o cine negro o que máis se pode observar.



Para enganchar o público temos dos piares, o primeiro deles os personaxes, a xente cando ve unha serie o que lle interesan son os personaxes e se namoran ou odian a cada un deles, e queren vivir con eles os seus problemas. O segundo son as historias, a situación. O enganche dunha serie ven dado polo agradable que resulte de ver, que as situacións aporten, divirtan e creen emoción durante eses dez minutos que dura cada episodio. Da situación e da química dos personaxes depende que guste o non guste unha serie. A situación é unha estrutura que sustenta aos personaxes, que lles de contacto ou conflito nalgún momento perturbador, e ao mesmo tempo esa situación sexa causa de outros moitos conflitos.



O mundo feminino está altamente representado na serie, o protagonismo do personaxe de Laura prototipo de muller traballadora que, de súpeto, ve como os seu mundo cae ao

namorarse do irmá de Marcos, o seu antigo mozo, e que estaban a piques de casarse. Antes de toda esa tolemia competía polos homes como as mulleres de "Sexo en Nova York" (HBO 1998) ou na serie "Anatomía de Grey" (ABC 2005).


É un gran reto facer este guión que xurdiu despois de rematar a miña primeira longametraxe e de escribir o guión de dúas películas "Hábitat" (escrita con Toni Bascoy) e outra que se rodara en Galicia de título provisional "El serrador", que estamos en espera de conseguir financiación. Sacrifico a miña interpretación polo simple feito de querer medrar na parte de dirección e guión e entrenar para as seguintes películas que voltarei a facer como en "Tilda&Jean" o triple salto mortal de escribir, dirixir e interpretar.

Artemia creo que vai ser un produto potente, diferente, e cheo de grandes momentos. Os actores son maravillosos, a banda sonora de Sofía Infante é perfecta, os ensaios están a ser moi produtivos e agardo que vos guste esta nova proposta audiovisual. Nun intre tan complicado queremos conseguir facendo cine. E lembrede, como di un dos personaxes da serie, para ser amigo da luz, primeiro tes que ser moi amigo da escuridade. Viva Artemia!"

Darío Autrán (*Director e Guionista de Artemia*)

SINOPSE

Marcos, un xornalista retirado por depresión, é interrogado polo suposto asasinato dun home que non ten nome. Laura, a súa ex noiva, está namorada do seu irmán, pero segue querendo manter unha relación cos dous. Marcos leva varios anos consumindo droga e perdeu todo o seu diñeiro, non obstante, para cambiar o destino soamente faille falta unha pistola.



PERSONAXES

"Artemia" é unha serie que coa primeira imaxe que se vexa é totalmente recoñecible, cun estudio do plano elaborado e cunha interpretación dos actores hiperrealistas definen o corpo dunha serie que vai a dar que falar dende o primeiro episodio ata o derradeiro.



A serie ten un inminente protagonismo na personaxe de Marcos, pero tamén presenta unha perspectiva coral. Ademais debido a ese formato de falso documental e na utilización do estilo “naturalismo máxico” os actores teñen que actuar para non actuar, a improvisación faise inevitable, os momentos incómodos, o susto real, a cámara, sempre nun punto agochado, observa todo coma un voyeur. Dándolle o espectador unha interacción diferente, semellante nalgúns momentos a series como “The Office” (NBC 2005) ou “Modern Family” (ABC 2009).

O TARGET

A serie vai dirixida a un público xoven, que abarca dende os 16 ata os 35, pero tamén pode ter un público máis maduro pola ambición cinematográfica do mesma. O escenario, bares, casas, bosques, escolas, son totalmente identificable polo espectador medio. Todo o mundo pode sentirse debuxado polos personaxes que aparecen.



SOBRE O DIRECTOR E GUIONISTA DARÍO AUTRÁN

Antes de "Artemia", Darío Autrán, iniciou a que chamou a *Triloxía dos Fíos*, composta por "Orxo" (Oroboro Films), "Tilda&Jean" (Abismo Caracol) e "Hydra", pensadas como películas que explotasen a ficción transitoria, ou o realismo sucio, finalmente, a día de hoxe, soamente puido verse "Tilda&Jean" en salas comerciais. Sendo seleccionada en varios festivais de cine independente e nominada a Mellor Película para TV nos XII Mestre Mateo 2014 (Festival de Cine de Autor, Festival de Cinelow i directors emergents, Cine Novissimo, Cine Marxes).

Ademais de cineasta levou a cabo varias obras de teatro como "Píntega"; "Malvís e fogo" ou a máis coñecida que serviu de apertura para o festival Teatro con G no Torrente Ballester de Ferrol chamada "O lugar". Gañador de varios premios de poesía e relato publicou o seu primeiro libro "Microrrelatos Insomnes" o ano pasado, unha antoloxía de relatos.

Con "Artemia" é a primeira vez que non actúa e queda detrás das cámaras exercendo de guionista, produtor e director da obra. Moi pronto en aberto os primeiros capítulos.